

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Pazos Couto, José María
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Romo Pérez, Vicente
Rúas Aratijo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PTXAS

CONSELLO SOCIAL

Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Pérez Vázquez, María Consuelo
Porteiro Fresco, Jacobo
Rodríguez Domínguez, María del Mar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de maio de 2026, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 26 de maio de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de abril de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do acto de recoñecemento oficial ao Consello Social polo seu 30 Aniversario.
4. Aprobación, se procede, da segunda declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra o fraude.
5. Aprobación, se procede, do acordo polo que se modifica o artigo 4 do regulamento das certificacións académicas da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2027/2028.
7. Aprobación, se procede, da modificación do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L. e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario "EUSES-VIGO", debido ao cambio de nome da entidade mercantil.
8. Aprobación, se procede, do concerto entre as universidades públicas que conforman o Sistema Universitario de Galicia e o Servizo Galego de Saúde, para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de funcionamento das unidades docentes do Grao en Medicina.

10. Aprobación, se procede, da solicitude para o curso 2026/2027, de tres prazas de Asociado de Ciencias da Saúde para o Grao en Medicina.
11. Aprobación, se procede, da concesión de emérito ao Profesor Ángel Rodríguez de Lera, e da prórroga como emérito de Carlos Hervés Veloso.
12. Aprobación, se procede, do cambio de dedicación de tempo parcial a tempo completo do profesor titular Miguel Ángel Bouza da área 0165-X02.
13. Aprobación, se procede, da contratación de profesorado visitante nos departamentos T05, X03, X05 e X06.
14. Aprobación, se procede, do informe de resultados do plan de acción 2023-2026 do selo HRS4R.
15. Aprobación, se procede, das táboas de ponderacións PAU 2027 e da admisión (preinscrición) e matrícula en titulacións con límite de prazas nas universidades do Sistema Universitario de Galicia. Convocatorias ordinaria e extraordinaria. Curso 2026/2027.
16. Aprobación, se procede, do Protocolo de actuación para cambiar de nome e/ou xénero as persoas trans, intersexuais e non binarias na Universidade de Vigo.
17. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de abril de 2026.

O reitor pide que, despois das correccións feitas á acta, se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Reunións de Medicina con respecto ao acordo asinado.
- Día das letras Galegas adicado a Begoña Caamaño e distintivo galEgo á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- Celebrado en Pontevedra o Congreso de Investigación en Comunicación
- Presunto acoso en Belas Artes de Pontevedra, se resolverá de acordo co procedemento establecido, máximo respecto á CAS da Universidade de Vigo.
- 30º aniversario da Facultade de Fisioterapia.
- Premios Consello Social Vigo Humana: Bicos de Papel e Mulleres por África.
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: Distintivo de empregabilidade.
- Feiras Emprego Incampus.
- Congreso de Estudos LGTBIQ+ MARICORNERS.

- Asinado o acordo que regula a carreira profesional do PTXAS funcionario.
- A Xunta destinará 2 millóns de euros ao desenvolvemento do campus CREA.
- A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo celebrou xornada sobre os dereitos lingüísticos en galego. Deixa constancia do seu agradecemento ao profesor Xosé Manuel Pacho.
- Celebrouse unha nova regata en Pontevedra con equipos do Campus e da Escola Naval Militar de Marín.
- Inaugurouse a nova estación terrestre de comunicacións ópticas cuánticas de España.
- Creada a Unidade Mixta de Investigación con Coren.
- Celebrada sesión de AtlanTTic coa Armada en Vigo.
- Toma de posesión de novos profesores titulares e Catedráticos.
- Informe final de avaliación da exposición ao radon: Marco normativo: Real Decreto 1029/2022: Regulamento sobre a protección da saúde contra os riscos derivados da exposición a radiacións ionizantes. Art. 76. Debemos continuar coas medidas de concentración de radon, realizar as medidas correctoras necesarias, e elaborar e publicar os informes finais de acordo coa normativa.

Remata o informe ás 10.27.

3. Aprobación, se procede, do acto de recoñecemento oficial ao Consello Social polo seu 30 Aniversario.

O reitor informa sobre este acto de recoñecemento oficial ao Consello Social e, de ter o visto bo, agradeceríamos ao Presidente do Consello Social o seu labor e entregaríamos o diploma de agradecemento por parte da Universidade de Vigo ao Consello Social e faríase a entrega dunha placa ao seu Presidente. É un tema falado co equipo entrante.

O Presidente do Consello Social intervén para agradecer profundamente esta iniciativa, polo que representa de recoñecemento a unha responsabilidade que exerceron e seguirán exercendo da mellor maneira posible, cos maiores afectos e con todas as capacidades das que dispuxeron, sempre coa universidade como obxectivo final, con perfecta sintonía co equipo de goberno e a comunidade universitaria en xeral. Por iso, que sexa a propia Universidade a que da este paso é unha honra, un privilexio e unha demostración de que o fin xustifica todo o feito durante todos estes anos, primeiro como Vicepresidente, y logo como Presidente. Grazas ao Reitor, ao equipo de Goberno, ao Consello de Goberno e á Comunidade Universitaria en xeral por este recoñecemento. Os Consellos Sociais de España nos mirarán coma exemplo unha vez mais. Invita a todos ao acto, que se celebrará as 19 horas na Facultade de Económicas e Empresariais, e que será presidido polo Presidente da Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da segunda declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra o fraude.

O reitor explica que debemos facer esta segunda declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra o fraude.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do acordo polo que se modifica o artigo 4 do regulamento das certificacións académicas da Universidade de Vigo.

O reitor informa sobre o contido deste punto, que teñen na documentación remitida a todos os membros do Consello de Goberno. Píde a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2027/2028.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai a seguinte presentación:

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 14 de maio de 2026

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2027/2028

CURSO 2027/2028	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	107 - EE Aeronáutica e do Espazo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Enxeñaría Mecánica	312 - EE Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	301_ Fac. de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Linguas Estranxeiras	301_ Fac. de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Intelixencia Artificial	106 - Escola de Enx. Informática	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC	
	Grao en Educación Infantil	105 - Fac. de Educación e Traballo Social 202 - Fac. de CC Educación e Deporte 351 - CEU	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	ADIADO
	Grao en Educación Primaria	106 - Fac. de Educación e Traballo Social 202 - Fac. de CC Educación e Deporte 351 - CEU	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	ADIADO
	Grao en Enxeñaría Informática	106 - ESE Informática	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	ADIADO
	Grao en Medicina	Facultade de Medicina	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Asinado o acordo de descentralización

A información completa atópase en: <https://www.uvigo.gal/estudiar/que-estudiar/implantacion-modificacion-titulacions>

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 14 de maio de 2026

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2027/2028

CURSO 2027/2028	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía en nanomateriais e biomedicina	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en dereito público dos recursos hídricos e termais (AQUA LEX)	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en viticultura e enoloxía	Facultade de Ciencias	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en acuicultura	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC	
	Mestrado en tecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	UVigo	
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Facultade de Ciencias	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Mestrado en neurociencia	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC	
	Mestrado en xestión e dirección laboral	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC	
	Mestrado en internet das cousas	EE Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	SI	UDC	ADIADO
	Mestrado en enxeñaría industrial	EE Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	ADIADO
	Mestrado en bioloxía maríña	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	UVigo	ADIADO
	Mestrado en educación secundaria (Profesorado)	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	ADIADO

A información completa atópase en: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na COAP do 14 de maio de 2026

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2027/2028

CURSO 2027/2028	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en física, computación e ciencia aeroespacial	Eiða	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	

A información completa atópase en: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da modificación do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L. e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario “EUSES-VIGO”, debido ao cambio de nome da entidade mercantil.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa o seguinte:

- O 27 de abril de 2026 recíbese un escrito do presidente de Metrodora SLU e administrador único de Euses Vigo SLU que comunica oficialmente:
 - Por razóns de estruturación interna, a modificación da denominación de Metrodora Education Vigo SLU por Euses Vigo SLU, a fin de lograr unha mellor e máis directa identificación do proxecto de cooperación e adscrición do centro docente Euses coa cidade de Vigo.
 - Facultar a Jordi Roche Puigdevall como administrador único.

PROPOSTA • Aprobar o convenio de colaboración educativa entre a entidade mercantil Euses Vigo SLU e a Universidade de Vigo para a adscrición á dita universidade do Centro Universitario Euses-Vigo.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do concerto entre as universidades públicas que conforman o Sistema Universitario de Galicia e o Servizo Galego de Saúde, para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de titulacións e innovación docente, que informa deste xeito:

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 19 de maio de 2026

OBXECTO DO CONCERTO:

- Regular as relacións de colaboración entre as universidades públicas que conforman o sistema universitario de Galicia (USC, UDC e UVigo) e o Servizo Galego de Saúde, para garantir a utilización da estrutura asistencial do sistema público de saúde de Galicia na docencia e na investigación dos estudos curriculares de ciencias da saúde ou especialidades sanitarias impartidos polas universidades, tanto nos estudos de grao coma nos de posgrao ou na formación continuada das e dos profesionais.
- Substitución dos concertos asinados con cada unha das universidades.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 19 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO CONCERTO:

- Para o cumprimento dos obxectivos previstos concértanse:
 - Estudos relacionados tanto no ámbito de grao como de posgrao.
 - Dispositivos e estruturas das institucións sanitarias que se relacionan nos anexos correspondentes, adscribíndoas funcionalmente para efectos docentes aos correspondentes departamentos universitarios.
 - Utilización das unidades de investigación.
 - Prazas vinculadas.
 - Prazas asociadas ciencias da saúde.
 - Comisións: mixta de seguimento e de investigación.
 - Réxime económico financeiro do concerto.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do Regulamento de funcionamento das unidades docentes do Grao en Medicina.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen o explica así:

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

OBXECTO DO REGULAMENTO:

- Creación das unidades docentes dos hospitais universitarios CHUAC e CHUVI para a impartición da docencia do Grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela e regular a súa composición, funcións e organización nos termos previstos no convenio para a descentralización da docencia do Grao en Medicina asinado o 20 de xaneiro de 2026.

Universidade de Vigo



Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Composición das unidades do CHUAC e do CHUVI.
 - Profesorado con praza vinculada e asociado (PACS) pertencente á USC e á universidade á que estea vinculado o hospital (universidade local).
 - Resto do profesorado da universidade local
 - Novas prazas: 50 % USC, 50 % universidade local.
 - Estudantado delegado de curso en cada un dos cursos que se imparten no CHUAC e no CHUVI.
 - Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos pertencente á universidade local.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Funcións das unidades docentes:
 - Organizar a docencia teórica e práctica asignada conforme cos criterios académicos que estableceza o coordinador/a da materia da USC.
 - Garantir a coordinación dos recursos docentes e asistenciais.
 - Coordinar a elaboración da proposta de POD de conformidade coa asignación de docencia feita pola PDA.
 - Facer a proposta de novas prazas de profesorado.
 - Colaborar nos procesos de avaliación da calidade.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Coordinación da unidade docente:
 - Coordinador/a elixido entre o profesorado con praza vinculada da unidade docente.
 - As eleccións da coordinación serán convocadas pola universidade local no prazo máximo dun mes a partir da entrada en vigor deste regulamento.
 - O mandato de coordinación será por dous anos.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Distribución do estudiantado:
 - Cada unha das unidades docentes do CHUAC e do CHUVI admitirá o 25 % do estudiantado matriculado no Grao en Medicina no curso descentralizado que corresponda.
 - No proceso de asignación terá preferencia o estudiantado cuxo domicilio familiar declarado no expediente académico no curso de comezo dos estudos, se sitúe na área sanitaria próxima e solicite praza no hospital correspondente a esa área como primeira opción.
 - Defínense outras circunstancias que se valorarán na asignación de prazas.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Planificación docente anual (PDA):
 - A proposta de PDA será elaborada pola Facultade de Medicina e Odontoloxía.
 - A proposta será elevada á Comisión de seguimento do convenio para valorar a súa adecuación ao convenio de descentralización da docencia do Grao en Medicina.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 21 de maio de 2026

DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO:

- Plan de organización docente (POD) e programas docentes:
 - Unha vez oídas as unidades docentes, a Facultade de Medicina e Odontoloxía elaborará unha proposta de horarios de docencia e de calendario de exames que será aprobada antes de elaborar o POD.
 - Cada unidade docente elaborará unha proposta de POD que lles trasladará aos departamentos da USC e da universidade local, conforme os procedementos da normativa de cada universidade.
 - A proposta elevarase á USC para a súa tramitación conforme a normativa de planificación académica.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da solicitude para o curso 2026/2027, de tres prazas de Asociado de Ciencias da Saúde para o Grao en Medicina.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa deste xeito:

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 14 de maio de 2026

PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN DO GRAO EN MEDICINA

- CURSO 2026/2027:
 - Descentralización da docencia práctica de 5.º curso.
 - Rotatorio voluntario: atención primaria (xa existente), hospitalario.
 - Estimación de estudantes: 30-50 (10 estudantes/mes).
 - Dotación de profesorado en servizos que non dispoñen del e reforzo en servizos cun número importante de estudantes.

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 14 de maio de 2026

PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN DO GRAO EN MEDICINA

- A Comisión de seguimento do acordo de descentralización do Grao en Medicina, na súa reunión do 30 de abril de 2026, acorda aprobar por unanimidade:
 - A saída a concurso de tres prazas de profesorado **asociado en ciencias da saúde**.
- Áreas de coñecemento:
 - **Cirurxía:** Cirurxía Cardíaca e Cirurxía Maxilofacial.
 - **Medicina:** Medicina Intensiva, Rehabilitación, Alergolóxía, Reumatoloxía, Nefroloxía, Xeriatria, Neurofisioloxía e rotacións centrais (Anatomía Patolóxica e Medicina Preventiva).
 - **Medicina de Familia.**

11. Aprobación, se procede, da concesión de emérito ao Profesor Ángel Rodríguez de Lera, e da prórroga como emérito de Carlos Hervés Veloso.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a concesión e prórroga:

SOLICITUDE DE CONDICIÓN DE EMÉRITO DE ÁNGEL RODRÍGUEZ DE LERA

CI2-Química Orgánica

Asunto: solicitude de Profesor Emérito do Profesor Ángel Rodríguez de Lera

O Consello do Departamento de Química Orgánica da Universidade de Vigo, na súa reunión ordinaria celebrada o día 23 de abril de 2023, aprobou emitir un informe favorable á solicitude da figura de profesor emérito que realízara o profesor Ángel Rodríguez de Lera.

O profesor Rodríguez de Lera ten máis de 30 anos de servizo na universidade pública española (35 tréanos de antigüidade), na Universidade de Vigo (1996-ata agora) e a de Santiago de Compostela (1980-1996), e ao longo de todos estes anos desempeñou unha importante labor docente, investigadora e de asesoría.

En relación coa súa acción é na Universidade de Vigo, cumpre mencionar que foi director da área de química I+D, do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI) e tamén director do departamento de Química Orgánica.

Así mesmo, o profesor Rodríguez de Lera é coordinador do grupo ORCHID-DOI, formado no ano 1996, cando se incorporara á Universidade de Vigo procedente da USC. Este grupo ten unha longa traxectoria como grupo de investigación de referencia na comunidade autónoma galega e conta cunha importante capacidade de captación de financiamento tanto nas convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais.

Polo que respecta a súa labor investigadora, avalada positivamente pola ANECA con 6 sexenios de investigación (desde 1989 ata 2021), cabe destacar que é autor de máis de 303 artigos publicados en revistas internacionais de alto índice de impacto e de 7 patentes (índice H 56, Scopus, decembro 2022). Ademais, foi supervisor de 14 teses de doutoramento, e de numerosos traballos fin de mestrado e de gran. A calidade da súa labor investigadora foi recoñecida no 2017, pola Real Sociedade Española de Química (premio de investigación do grupo de produtos rotarais).

Durante a súa labor docente impartiu diferentes materias do departamento de Química Orgánica así como de mostrados nacionais e internacionais, nas Universidades de Santiago de Compostela e na Universidade de Vigo, actividade que foi avaliada positivamente polas ditas Universidades (9 quinquisenios, desde 1980). Tamén foi profesor invitado na Universidade Albert-Ludwig (Freiburg-Alemania).

Todo isto demostra que a traxectoria profesional do profesor Rodríguez de Lera na Universidade de Vigo é excelente. Polo tanto, desde o Departamento de Química Orgánica apoiamos a solicitude do Dr. Rodríguez de Lera como profesor emérito.

Firmado por TERAN NOLDES
MARIA DELA CARMEN -
***3069** el día
24/04/2023 con un
certificado emitido por AC

Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

ANGEL RODRIGUEZ DE LERA

qrlera@uvigo.es
teléfono +34 986 812316
fax +34 986 012302
web:uvigo.es/ledera

PLAN DE TRABAJO A DESENVOLVER COMO PROFESOR EMÉRITO

O Plan de Traballo proposto durante o período de contratación como Profesor Emérito da UVIGO inclúe actividades de asesoría no Departamento de Química Orgánica e na Facultade de Química, e a coordinación de grupos de investigación en Biotecnoloxía que forma parte do Centro de Investigacións en Nanomateriais e Biotecnoloxía (CINBSO), no que se atopa integrado como investigador do grupo ORCHID. Asesorará, prestará a súa colaboración e asesorará á UVIGO en todas aquelas iniciativas docentes e investigadoras que o requiriran.

En particular, a dedicación durante este período centrárase nas seguintes actividades:

1. ACTIVIDADES DE INTEGRACION NO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA ORGÁNICA E NA FACULTADE DE QUÍMICA
 - 1.1. Participación nos Consellos de Departamento e Xuntas de Facultade.
 - 1.2. Asesorías en renovación de programas docentes en Gaeo e Poegráo.
2. ACTIVIDADES DE INVESTIGACION
 - 2.1. Revisión, corrección e presentación de dúas Teses de Doutoramento ditasdas en colaboración con persoal docente do Grupo de Investigación ORCHID.
 - 2.2. Colaboración na execución e revisión de catro Teses de Doutoramento ditasdas por outros membros do Grupo de Investigación ORCHID.
 - 2.3. Coordinación, co-dirección e elaboración do Informe final do Proxecto de Investigación "Síntesis Orientada a la Función de Polímeros Naturales Bioactivos y sus Derivados/Precursores Biotecnológicos" PID2022-136504OB-I00, 2023-2025, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, Agencia Estatal de Investigación, Proyectos de Generación del Conocimiento 2022, que remata o 30 de novembro do presente ano, tras obter unha prórroga de tres meses.
 - 2.4. Coordinación, co-dirección e elaboración dos Informes, caso de ser concedido, do Proxecto de Investigación "Síntesis estereoselectiva de polímeros naturais bioactivos orientada a sus funciones biológicas (FUNPOL)" PID2023-168546OB-I00, 2026-2028, solicitado como co-IP ao Ministerio de Ciencia e Innovación, Agencia Estatal de Investigación, Proyectos de Generación del Conocimiento 2025.
 - 2.5. Coordinación, dirección e elaboración do Informe parcial do Proxecto de Investigación "Dewintering *Strygactone Biosynthesis in Pearl Millet and Harnessing it for Crop Improvement*" OSR2024-CRG12-6469.3, 2025-2027, financiado por King Abdullah University of Science and Technology (KAUST, Arabia Saudita).
 - 2.6. Escritura, revisión e envío para a súa publicación, de manuscritos (10-20) dos traballos de investigación do grupo ORCHID da UVIGO.
 - 2.7. Visitas aos laboratorios dos grupos de investigación cos cales ORCHID aséase colaborando activamente, e xestións para manter ditas colaboracións ao futuro.
3. ACTIVIDADES DE DIVULGACION
 - 3.1. Participación como ponente en Congresos Científicos.
4. ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA
 - 4.1. Elaboración e presentación duns Patentes Internacionais co título "Lycopene metabolite with vitamin A activity and cosmetic, nutritional and therapeutic use thereof" na Oficina Europea de Patentes.
 - 4.2. Revisión das actividades da Empresa CSSCAREX A.G., creada para a comercialización dos resultados obtidos no grupo de investigación e recollidos na Patente "Precursor compounds for providing retinoids of the Vitamin A3 pathway and uses thereof (SCDHRA and other ester plus SCDHRA precursors)", que ten autorizada pola UVIGO a licenza de explotación.

O solicitante comprométese a presentar o Informe final das actividades levadas a cabo durante a duración do nomeamento como Profesor Emérito da UVIGO.

RODRIGUEZ DE LERA
ANGEL -
763282838

Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

Firmado por TERAN NOLDES
MARIA DELA CARMEN -
***3069** el día
24/04/2023 con un
certificado emitido por AC

Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA CONDICIÓN DE EMÉRITO DE CARLOS HERVÉS BELOSO

Universidade de Vigo

Departamento
de Matemáticas

Fac. CC. Exactas
& Empresariais
Campus de Vigo
E-36200 Vigo

Tel. 986 812 440
Fax 986 812 441
web@univigo.es/informacion
departamentos

Vista a solicitude de prórroga como profesor emérito do Catedrático de Análise Matemática, do Departamento de Matemáticas, Carlos Hervés Beloso, e dado que o candidato reúne sobradamente os méritos requiridos na convocatoria, o Consello do Departamento, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril, aproba informar FAVORABLEMENTE a solicitude en base ó seguinte informe:

O profesor Carlos Hervés Beloso a cargo de investigación nos inicios do Departamento, a economía matemática, onde formou a varios profesores do Departamento. Nese campo segue traballando a día de hoxe unha parte importante dos investigadores do Departamento de Matemáticas. No ámbito Universitario, Carlos Hervés Beloso a creación e a dirección da inicialmente Agrupación Estatística ECOBAS (hoxe "Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS"). Por estas e moitas outras razóns, a Universidade de Vigo e, en particular, o Departamento de Matemáticas terá sempre unha débeda con el. Esta notable e notoria aportación de Carlos Hervés non foi só ó Departamento de Matemáticas e a Universidade de Vigo, senón que tamén transcendeu o ámbito galego, nacional e internacional.

Como reflicte no plan de traballo que adxunta á solicitude de prórroga, neste período como profesor emérito leva realizada unha valiosa labor contadora da súa traectoria, como recolle nos resultados que menciona.

Por dós entendemos a importancia da concesión da prórroga como profesor emérito, para que poida proseguir desenvolvendo o plan de traballo exposto. Sen dúbida as súas aportacións seguirán a ter gran relevancia.

O Departamento de Matemáticas presenta a proposta de renovación da continuación como profesor Emérito do profesor Carlos Hervés Beloso.

Vigo, a 24 de abril de 2026

VAZQUEZ PAMPIN
MARIA DEL
CARMEN
32790699X

Firmado digitalmente por
VAZQUEZ PAMPIN MARIA
DEL CARMEN - 32790699X
Fecha: 2026.04.24
16:42:27 +02'00'

Universidade de Vigo



PLAN DE TRABAJO

Na mellor condición de profesor emérito da Universidade de Vigo, desde o mes de setembro do ano 2023 realicei as actividades referidas no plan de traballo presentado coa miña solicitude.

Concretamente:

- **Proxectos de investigación en vigor**
- Investigador principal/coordinador do Grupo de Investigación RGEAF (Research Group on Economic Analysis Accounting and Finance), referencia ED431B/2023/95, financiado por a Xunta de Galicia (2023-2027).
- Membro do equipo do proxecto: Bienes públicos, externalidades y derechos; referencia PID2022-136718NB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (2023-2026).
- **Publicacións desde o 31 de agosto de 2023**
- On no-entry and fair allocations in general equilibrium theory. *Journal of Dynamics and Games* (2025), 12, 4, 382-391. Doi: 10.3934/jdg.2025025 (With M. Ali Khan and E. Moreno-García)
- Consistent representations of preferences. *Economic Theory Bulletin* 13, 55-67, (2023) doi.org/10.1007/s40505-024-00280-y (With E. Moreno-García).
- Some applications of Berge's theorem to equilibrium problems. *Journal of Dynamics and Games* 12 (4), 392-405, (2024) Doi: 10.3934/jdg.2024025 (With A. Salas Gutiérrez).
- Economies with rights: Efficiency and inequality. *Journal of Public Economic Theory* 26 (1), e12678 (2024) DOI: 10.1111/jpet.12678 (With F. Martínez Corcha and E. Moreno-García).
- Coasian rights in a cap-and-trade mechanism with damage compensations. *European Journal of Law and Economics* 36 (3), 425-441, (2023) doi.org/10.1007/s10657-023-09788-3. (With F. Martínez Corcha)
- **Working papers enviados a publicar**
- On Aubin's veto mechanism (With J. Hervás Estévez and A. Salas Gutiérrez).
- Reducing inequality with tradable rights (With F. Martínez Corcha and E. Moreno-García)
- Non-discriminatory cores (With E. Moreno-García)

- Libro

Contrato firmado con ELSEVIER para a publicación do libro "Market Economies with Tradable Rights" que actualmente escribimos en coautoría con Francisco Martínez Corcha (U. Chile), Emma Moreno-García (U. Salamanca).

- Referee-reports

Desde setembro de 2023 realicei mais de 25 "referee reports" para distintas revistas académicas. Por outra banda, fun "external examiner" da tese doutoral de Sandipan Saha defendida no Indian Statistical Institute.

- Organización de congresos académicos

Workshops Galician Diaspora Christmas Meeting on Economic Theory and Applications nos anos 2023, 2024 e 2025 (GDCA2023, GDCA2024, GDCA2025) na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Workshop on Economic Theory celebrado nos días 5 e 6 de febreiro de 2026 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

- Participación en congresos

- UECE Lisbon Meetings in Game Theory and Applications (Lisboa, 5-7 xullo 2024).
- International Conference on Public Economic Theory (Lyon, 8-12 xuño 2024).
- "Key Note Speaker" no European Workshop on Economic Theory (Manchester, 19-21 xuño 2024).
- Lisbon Meetings in Game Theory and Applications (Lisboa, 18-20 xullo 2025).
- XXIV SAET Conference 2025 (Isoña 29 xuño-5 xullo 2025).
- Ponente invitado no Workshop "Externalities and Fairness in Allocations and Contracts" (Mápsen, 19-20 xaneiro 2026)
- Workshop on Economic Theory (Vigo, 5-6 febreiro 2026).

O plan de traballo a desenvolver na etapa de renovación é o seguinte:

- a) Continuar o meu traballo como editor asociado das revistas académicas incluídas no JCR Economic Theory, Economic Theory Bulletin e Journal of Dynamics and Games.
- b) Seguir publicando artigos de investigación. Na actualidade están en fase de revisión tres traballos escritos en coautoría con investigadores nacionais e estranxeiros.
- c) Finalizar o libro "Market Economies with Tradable Rights", según o contrato asinado en maio de 2023.
- d) Participar nos congresos, seminarios e reunións científicas relacionadas con

Universidade de Vigo



temas da miña especialidade investigadora e colaborar na súa organización. Formo parte do Comité Científico do European Workshop on Economic Theory que se vai celebrar en Venecia no próximo mes de xuño.

- e) Participar como membro do equipo investigador na nova solicitude da continuación do proxecto *Bienes públicos, externalidades y derechos*, actualmente en vigor (PID2022-136718NB-I00).
- f) Colaborar na redacción da memoria para a solicitude de renovación do grupo RGEAF, que finaliza no ano 2027.
- g) Colaborar nos estudos, actividades e iniciativas nas que a miña experiencia académica poida resultar de utilidade.

Vigo, 5 de marzo de 2026

HERVES BELOSO CARLOS EUGENIO - 35276135T
Firmado digitalmente por HERVES BELOSO CARLOS EUGENIO - 35276135T
Fecha: 2026.03.05 18:01:32 +01'00'

Asdo: Carlos Hervés Beloso

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, do cambio de dedicación de tempo parcial a tempo completo do profesor titular Miguel Ángel Bouza da área 0165-X02.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa sobre o seguinte:


<p>Universida<u>de</u>Vigo Registro</p> <p>Datos persoais</p> <p>Nome: MIGUEL ÁNGEL Apellidos: BOUZA LÓPEZ DNI nº: 33.326.936-4</p> <p>Enderezo para notificacións</p> <p>Rúa, número, andar e número de teléfono: Localidade: Provincia: Travesía da Poza, 26, 5º C Santiago de Compostela A CORUÑA E-mail: miguel.angel.bouza@uvigo.es Código Postal: 15706</p> <p>Exposición de motivo/s: Solicito o cambio de adicación de Profesor Titular a tempo parcial a PROFESOR TITULAR A TEMPO COMPLETO para incrementar a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento e o servizo social, especialmente nas Facultades de Ciencias Jurídicas, Económicas e de Comercio.</p> <p>Solicita: Solicito o cambio de adicación de Profesor Titular a tempo parcial a PROFESOR TITULAR A TEMPO COMPLETO.</p> <p>Documentación aportada: SOLICITUDE DE TRANSFORMACIÓN ASINADA POLO INTERESADO E POLA DIRECTORA DE DEPARTAMENTO.</p> <p>En VIGO a 4 de maio de 2026</p> <p>Cargo/Órgano ao que se dirixe: VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA</p>	<p>SOLICITUDE DE TRANSFORMACIÓN DE PROFESORADO TITULAR</p> <p>AREA DE CONECEMENTO: Código: A165 Nome: Dereito Mercantil</p> <p>DEPARTAMENTO: Código: X02 Nome: Dereito Privado</p> <p>PROFESORÍA QUE SE TRANSFORMA</p> <p>APELLIDOS E NOME: Bouza López, Miguel Ángel</p> <p>DNI: 33326936M TITULACIÓN: Doctor en Dereito</p> <p>CATEGORÍA E DEDICACIÓN ACTUAL: TITULAR A TEMPO PARCIAL</p> <p><input type="checkbox"/> 1º CUADRIMESTRE</p> <p><input type="checkbox"/> 2º CUADRIMESTRE</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> CURSO COMPLETO</p> <p>CATEGORÍA E DEDICACIÓN PROPOSTA: TITULAR A TEMPO COMPLETO</p> <p><input type="checkbox"/> 1º CUADRIMESTRE</p> <p><input type="checkbox"/> 2º CUADRIMESTRE</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> CURSO COMPLETO</p> <p>MOTIVO DA SOLICITUDE: Modificación do POD para incrementar a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento e o servizo social, buscando a formación integral dos estudantes, especialmente os das Facultades de Ciencias Jurídicas (Máster en Avogacía), de Económicas e de Comercio.</p> <p>Vigo, 22 de ABRIL de 2026</p>
--	---

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da contratación de profesorado visitante nos departamentos T05, X03, X05 e X06.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa sobre o seguinte:

VISITANTE T05



Resumen libre del currículum

Descripción breve de la trayectoria científica, los principales logros científico-técnicos obtenidos, los intereses y objetivos científico-técnicos a mediano/largo plazo de la línea de investigación. Incluye también otros aspectos o peculiaridades importantes.

Eugenia Nieto holds a PhD in Materials Science with a distinguished academic trajectory, awarded the Extraordinary Doctoral Prize for theses defended in the 2023-2024 academic year. Her scientific contributions focus on physical metallurgy, microstructural characterization, and the mechanical and physicochemical behaviour of metallic alloys. She is a first author of several publications in high-impact journals, for which she conducted the full experimental workflow, including methodology design, execution of advanced techniques (EBSD, SEM/EDS, DCT, XRD, mechanical testing), data analysis, figure preparation, and manuscript drafting. She has presented her work in numerous national and international conferences, contributing to the dissemination of new insights into grain boundary mechanics and microstructure-property relationships. During her PhD training, she developed solid scientific-technical skills and gained experience in knowledge transfer through the training of users in microscopy and diffraction techniques. From the industrial and societal perspective, she has worked extensively in applied research and laboratory services for companies in sectors such as energy, civil construction, automotive, and aviation. At AIMEN Centro Tecnológico, she collaborates continuously with industrial clients through technical meetings, interpretation of requirements, material selection, and the preparation of detailed technical reports. Her work includes corrosion testing, failure analysis, and compliance with ENAC-accredited procedures and standardized methods (ASTM, ISO, ASME), contributing to industrial decision-making in safety and durability. She has given oral presentations at scientific conferences and has participated in outreach activities addressed to both secondary school and vocational training students. Additionally, she has contributed to the training of younger researchers through laboratory demonstrations, hands-on sessions on microscopy equipment, and mentoring activities during her time at IMDEA Materials. She has also acted as peer reviewer for the journal Materials Science and Engineering A, contributing to the evaluation and quality assurance of scientific research. Other relevant contributions include her role at AIMEN as the technical responsible of the corrosion laboratory and controlled-atmosphere corrosion testing facilities, where she designs, executes, and validates experimental protocols for industrial projects. Her work integrates scientific rigor with applied problem-solving, supporting continuous improvement, reliability, and knowledge transfer across multidisciplinary environments.

VISITANTE T05

Anuncio: Informe técnico e estatístico para a contratación da Dra. Eugenia Nieto como profesora visitante na área 065 do Departamento T05

1. Obxectivo e Alcance do Informe

O presente informe ten como propósito fundamental expor a fundamentación técnica e a conveniencia estratéxica da incorporación da **Dra. Eugenia Nieto** á estrutura docente e investigadora deste Departamento, e especialmente na área 065 (Ciencia e Enxeñaría dos Materiais). O seu perfil, caracterizado por unha formación de excelencia como Enxeñeira Aeroespacial pola Universidade Politécnica de Madrid (UPM) e a súa posterior especialización en Enxeñaría de Materiais, constitúe unha resposta integral ás necesidades académicas e científicas do Grao en Enxeñaría Aeroespacial no Campus de Ourense.

2. Dimensión Académica: Garantía de Excelencia Docente

A integración da Dra. Nieto resulta moi adecuada para manter os estándares de calidade pedagóxica no Grao en Enxeñaría Aeroespacial. A súa bagaxe técnica especializada permite a asunción inmediata de responsabilidades docentes en materias de elevada complexidade, esenciais para o cumprimento dos plans de ensaio:

